



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE

FEBREIRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dous de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Marta Maria Vázquez Golpe), aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Orde do 30 de decembro de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 21, do día 2 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Acción Territorial. Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Especiais da excma. Deputación Provincial da Coruña, polo que se aproba o Plan de conservación de vías provinciais 2015, 1ª fase. Figura no Grupo-denominación: Grupo 10: Cambre e Carral, cun orzamento de 339.955,11 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 19, do día 29 de xaneiro de 2015).

- Resolución do 22 de xaneiro de 2015, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se publica o Plan de formación do persoal da Administración da Comunidade Autónoma, das entidades locais de Galicia, da Administración de Xustiza de Galicia e do persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 19, do día 29 de xaneiro de 2015).



- Orde do 21 de xaneiro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil. (Diario Oficial de Galicia número 17, do día 27 de xaneiro de 2015).

- Orde do 21 de xaneiro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 17, do día 27 de xaneiro de 2015).

- Resolución do 14 de xaneiro de 2015, da Dirección Xeral de Comercio, Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o Plan de inspección comercial da Xunta de Galicia para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 17, do día 27 de xaneiro de 2015).

- Orde do 28 de xaneiro de 2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013. (Diario Oficial de Galicia número 20, do día 30 de xaneiro de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 6 de febreiro do ano que andamos, ás 20.00 horas na casa da cultura Villa Concepción, terá lugar a inauguración da exposición de pintura "O Mar (1ª parte)", de Carmen Torreiro Caridad. Engade que se exporá dende o día 6 ao 26 de febreiro.

A continuación, informa que o vindeiro día 7 de febreiro do ano que andamos, debido ao éxito obtido no Nadal e a petición dos pais, dado que houbo moita xente que non viu a obra, terá lugar a representación da obra "Merenda con pan de millo", de Migallas Teatro. Engade que será no centro sociocultural do Graxal, ás 17.00 horas.

A seguir, tamén informa que a partir do día de hoxe comeza a inscrición para o entroido 2015.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que tivo lugar con grande éxito a actuación do Mago Marco.



Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que esta semana comezarán as obras de reparación da pista de chave A Ría, a raíz dunha demanda da asociación que a usa.

A continuación informa que hoxe, ás 12.30 horas, se presentará na casa de cultura Villa Concepción o programa de xuventude da OMIX para o ano 2015.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se presentou a subvención de orientación laboral para 2015 e axente de desenvolvemento local.

A continuación, informa que está en tramitación a solicitude de subvención para accións formativas para desempregados; tamén os obradoiros de emprego na rama de atención sociosanitaria, que se solicitará conxuntamente co Concello de Sada para acadar maior puntuación, dado que doutra maneira, sería complicado que concederan ao Concello de Cambre o cuarto obradoiro.

Por outra banda, engade que se vai solicitar tamén un novo programa da Xunta de Galicia para emprego de mozos e mozas menores de 25 anos con idénticas características ao obradoiro de emprego pero reducidas a esa franxa de idade.

A puntuación máxima á que dan prioridade é atención sociosanitaria e novas tecnoloxías, e se está a preparar para solicitalo dentro do tema de novas tecnoloxías. Manifesta que este obradoiro se solicitará soamente para Cambre, e se solicitará para 25 persoas.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que está en tramitación tamén unha subvención para os programas de cooperación, para contratación de persoal de obras e servizos.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que segundo a Resolución da Alcaldía número 136/2015, de data do día 30 de xaneiro de 2015, se aprobou definitivamente o modificado do proxecto de urbanización da unidade de execución nº 23 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, sita na Costa da Tapia, parroquia do Temple, promovido pola entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. (BBVA) e elaborado polo arquitecto don Agustín Pérez Vázquez, unha vez que se expuxo ao público, sen que se presentara ningunha reclamación.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada na rúa Otero Pedraio, na parroquia do Temple, roubaron cable da iluminación pública.

A seguir informa que rematou a obra que se fixo co persoal da brigada de obras na entrada á praza de Miguel Angel Blanco. A beirarrúa repisou e había problemas na entrada aos garaxes.

Informa tamén, que hai problemas na beirarrúa da Costa da Tapia: un, é á altura do Seixal, diante de Telepizza, outro, diante do número 32 hai filtracións, e tamén ao lado do centro de saúde do Temple.



Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que se recibiu a autorización para a posta en funcionamento dos semáforos do Seixal. Xa se deu orde á empresa de que solicite os permisos para cortar o carril de circulación para realizar a obra.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que no colexio do Graxal, nun programa realizado polos profesores de sensibilización, encadrado dentro do día mundial da pobreza, se realizou unha recollida moi importante de alimentos, recopilados por todos os rapaces.

Tamén informa que, en relación coa recollida de alimentos a través do Consello Sectorial de Benestar Social, realizada por todas as asociacións de Cambre que compoñen o Consello, se recolleron máis de sete toneladas de alimentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia